

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 3 DE MAIO DE 2018,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de todo o dominio público do resto da estrada PO-841 (Santiago de Compostela (SC-11)- límite provincia-A Estrada) situado na marxe esquerda entre o p.q. 19+760 e o p.q. 19+860, a prol do Concello da Estrada.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se propón ao Parlamento de Galicia a aprobación do IV Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2018-2021.
- Acordo polo que se aproba o Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento 2018.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América para o programa de bolsas Xunta de Galicia-Fulbright, por un importe total de cento dezaseis mil cento sesenta euros (116.160,00€).
- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual que deriva do proxecto de Orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2018/19, por importe total de doce millóns seiscientos mil euros (12.600.000,00€).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza contratación da subministración sucesiva de nivolumab e pembrolizumab para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe de doce millóns catrocentos oitenta e oito mil cento noventa e seis euros con vinte e catro céntimos (12.488.196,24€) e un valor estimado de catorce millóns catrocentos nove mil catrocentos cincuenta e sete euros con vinte céntimos (14.409.457,20€).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Informe sobre a actividade industrial da Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) no ano 2017.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Fundación Clúster de empresas de automoción de Galicia (Ceaga) para a realización dun estudo enerxético do sector de automoción de Galicia Horizonte 2020.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe de seguimento da Estratexia de acción voluntaria 2016-2018. Ano 2017.
- Informe de execución da axuda ás familias a través da Tarxeta Benvida. Ano 2017.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia para a contratación, pola entidade pública Portos de Galicia, das obras de mellora e reforzo do noiro da zona dos depósitos de auga no porto de Cedeira, por un importe estimado de sesenta mil setenta e un euros con corenta e cinco céntimos (60.071,45€), IVE excluído.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DA ESTRADA DUN TREITO ANTIGO DA ESTRADA PO-841**

- *Este treito, na marxe esquerda da vía, entre o p.q. 19+760 e o 19+860, é utilizado como cambio de sentido para acceso ás instalacións deportivas ou ao tanatorio, polo que o concello considerou axeitado xestionalo directamente*
- *O cambio de titularidade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberá ser aprobado por decreto da Xunta e proposta da consellería competente en materia de estradas*
- *Coa transferencia, o Concello da Estrada será o responsable da conservación do tramo e poderá actuar de modo acorde coas súas características, pois xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas*


O Consello da Xunta aprobou hoxe a transferencia ao Concello da Estrada dun treito antigo da estrada que conecta con Santiago, a PO-841, situado na marxe esquerda entre o p.q. 19+760 e o 19+860.

Este treito é utilizado como cambio de sentido para acceder a instalacións como o tanatorio ou as áreas deportivas e de lecer do Recreo Cultural, polo que o concello considerou axeitado xestionar directamente este tramo.

Co cambio de titularidade, o Concello da Estrada será o responsable da conservación e mantemento e poderá actuar sobre esta vía de modo acorde coas súas características, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como por exemplo as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou os accesos.

O cambio de titularidade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

O procedemento establecido nesta lei permitiu axilizar este tipo de expedientes, que son beneficiosos para a Xunta, ao non ter que explotar unha vía que deixou de ter funcionalidade como percorrido interurbano, e para o concello, xa que libera os cidadáns das cargas administrativas que supón a súa consideración como estrada de titularidade autonómica.



## **O CONSELLO DA XUNTA DA O VISTO E PRACE AO IV PLAN DIRECTOR DA COOPERACIÓN GALEGA 2018-2021**

- ***O IV Plan director da cooperación galega aposta polo aliñamento coa Axenda 2030 de desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas***
- ***Aposta tamén polo reforzamento da identidade singular, as vantaxes comparativas e o valor engadido da cooperación galega***
- ***Aprobouse tamén o Plan anual de cooperación 2018 que conta cunha dotación que supera os 5 millóns de euros, cun incremento dun 11,4 por cento con respecto ao ano pasado***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao acordo polo que se propón ao Parlamento de Galicia a aprobación do IV Plan director da Cooperación Galega para o desenvolvemento 2018-2021, que rexerá a política de cooperación da Xunta de Galicia nos vindeiros 4 anos. Este plan director recibiu o informe favorablemente polo pleno do Consello Galego de Cooperación o pasado 18 de abril.

O IV Plan director da cooperación galega terá un carácter mais estratéxico e buscará a posta en valor dos aspectos cualitativos da nosa cooperación, afondará na concentración xeográfica da axuda galega, que xa se iniciou co II e III plan, e apostará por unha orientación estratéxica das actuacións de cooperación que reforce as singularidades e vantaxes comparativas da nosa comunidade autónoma, poñendo énfase na especialización en determinados sectores nos que Galicia dispón de demostrada experiencia.

A cooperación galega seguirá apostando polo fortalecemento das capacidades dos actores e axentes de cooperación na busca de maiores complementariedades e da xeración de sinerxías entre eles que permitan alianzas estratéxicas para a posta en marcha de liñas de actuación novidasas aproveitando a experiencia dalgúns actores. Neste senso, reforzarase a colaboración transfronteiriza cos axentes galegos de cooperación no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

O novo plan director establece 11 países prioritarios cara aos cales se orientará en maior medida (un mínimo dun 90% dos recursos destinados a cooperación no exterior)) o esforzo do sistema galego de cooperación: Bolivia, Ecuador e Perú (en América do Sur), República Dominicana (no Caribe), Guatemala, O Salvador, Honduras e Nicaragua (en Centroamérica), Mozambique, Cabo Verde e Guinea Bissau (en África), cunha clara aposta polos países lusófonos.

Así mesmo, as convocatorias públicas de axudas para actividades de cooperación continuarán sendo a principal forma de canalización de fondos da Cooperación Galega nos vindeiros catro anos. De acordo co establecido na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de



cooperación para o desenvolvemento, unha vez recibido o visto e praxe do Consello da Xunta, darase traslado do plan ao Parlamento de Galicia para a súa aprobación definitiva.

### **Plan anual de cooperación galega 2018**

Por outra banda, o Consello da Xunta tamén aprobou hoxe o Plan anual de cooperación 2018 que conta cunha dotación que supera os 5 millóns de euros, cun incremento dun 11,4 por cento con respecto ao ano pasado, cumprindo así co compromiso da Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD), e unha vez que foi aprobado a pasada semana polo Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.

Para o ano que vén publicaranse convocatorias de subvencións para proxectos, principalmente destinadas ás ONGD, como son as convocatorias de subvencións para proxectos de cooperación no exterior de ONGD e outros axentes de cooperación cunha dotación total de 3,2 millóns de euros, o que representa un incremento dun 8,3% respecto á dotación das convocatorias do ano 2017; a convocatoria de subvencións para proxectos de Educación para o desenvolvemento (EpD) e a cidadanía global promovidos polas ONGD, cunha dotación total de 450.000 euros, que representa un incremento dun 12,5% respecto á dotación da convocatoria do ano 2017; e a convocatoria de subvencións para proxectos de acción humanitaria, cunha dotación de 300.000 euros.

Ademais, o plan mantén a colaboración coas entidades locais a través da sinatura do convenio co Fondo Galego para promover a participación das entidades locais galegas na área de cooperación para o desenvolvemento e mellorar dende o local a sensibilización da sociedade galega, coa mesma dotación que no ano 2017, prestando atención especial á axuda humanitaria e de emerxencia con AECID, Farmamundi, SOGAPS, ACNUR e UNRWA.

Manterase unha liña financeira para axuda humanitaria ou de emerxencia que garanta que no ano 2018 a Xunta de Galicia poida responder cando se produza un chamamento internacional por mor dunha catástrofe ou crise humanitaria.

Tamén se aposta pola formación no ámbito da cooperación cunha nova convocatoria de seis bolsas de formación de persoal experto en cooperación para o desenvolvemento para que mozos/as titulados/as universitarios/as amplíen os seus coñecementos e reciban formación práctica, tanto nas oficinas da AECID no exterior como na sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE en Santiago de Compostela.

## **DEZ POSDOUTORAIS DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA PODERÁN ACCEDER ÁS PRESTIXIOSAS ESTADÍAS DA COMISIÓN FULBRIGHT EN EEUU**

- *É a primeira vez que isto se recolle na convocatoria galega de posdoutorais*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun acordo de colaboración coa Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright), por un importe de 116.160 euros, para a posta en marcha do programa de bolsas Xunta de Galicia-Fulbright. Deste xeito, posibilitase que ata 10 bolseiros posdoutorais galegos poidan acceder de forma complementaria a unha estadía da prestixiosa entidade.

En concreto, esta acción que se implanta este ano, permitirá que dez beneficiarios da convocatoria de posdoutorais da Xunta de Galicia do ano 2018 na súa modalidade A e que realicen a estadía no Estados Unidos de América poidan optar á condición de bolseiro ou bolseira Fulbright. O obxecto do acordo autorizado hoxe é financiar os servizos complementarios destinados ás persoas beneficiarias estadías Fulbright que prestará a Comisión, tales como xestión e apoio de visados; apoio, xestión e asesoría durante a estancia nos Estados Unidos; participación dos beneficiarios en seminarios, actividades científicas e culturais que se organicen en nome e polo Programa Fulbright; seguro médico con cobertura de enfermidade e accidentes; así como formar parte da rede de antigos alumnos Fulbright do U.S. Departament of State.

O Programa Fulbright é un programa de axudas académicas de referencia mundial que ten como finalidade promover e fomentar intercambios culturais, educativos e científicos entre universidades, centros de investigación ou outras institucións educativas dos Estados Unidos de América. Está presente en 160 países baixo os principios de globalidade e excelencia académica dos seus participantes. A Comisión Fulbright é o organismo bilateral encargado de facilitar a administración, coordinación e seguimento das actuacións derivadas do Programa Fulbright entre o país participante e os Estados Unidos.

A selección dos investigadores beneficiarios (que non poderá ser superior a 10), levarase a cabo mediante a convocatoria pública, para o ano 2018, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

## AS FAMILIAS PODERÁN PRESENTAR DE XEITO TELEMÁTICO AS SOLICITUDES PARA PARTICIPAR NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO, E AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR

- *A nova convocatoria de axudas á adquisición de libros de texto, de acceso ao fondo solidario e de axudas á compra de material escolar publicarase proximamente no Diario Oficial de Galicia*
- *Unha das principais novidades é a posibilidade de que as familias tamén poidan presentar as solicitudes de xeito telemático*
- *Mantense a axuda de 250 euros para o alumnado matriculado en educación especial*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria mellorará para o vindeiro curso 2018/19 o acceso aos libros de texto para o alumnado con necesidades específicas de atención educativa. Así se recolle no proxecto de Orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2018/19, á que hoxe deu o visto e praxe o Consello da Xunta

As solicitudes poderán presentarse, por primeira vez, por vía electrónica empregando a aplicación informática “fondolibros” (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, ou ben presencialmente nos propios centros docentes, así como en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo.

### **Axudas á compra**

As axudas da Consellería para a compra de libros están dirixidas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de educación primaria, e o alumnado matriculado en educación especial.

Os requisitos de renda e as contías das axudas son as seguintes:

Educación primaria:

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400,00 euros: 170 euros
- Renda per cápita familiar superior a 5.400,01 e igual ou inferior a 9.000: 90 euros

Así mesmo, mantense que, o alumnado matriculado en educación especial, en centros específicos ou en unidades de educación especial en centros ordinarios, así como o



que presente unha discapacidade igual ou superior ao 65%, que solicite a axuda e que cumpra os requisitos recibirá un importe de 250 euros, con independencia da renda per cápita familiar.

Ademais, os menores de 1º e 2 de primaria que se encontren en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia recibirán a axuda máxima (170 euros) e non terán que acreditar os datos da unidade familiar nin o nivel de renda.

### **Fondo solidario**

No caso do fondo solidario de libros de texto estará accesible para o alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de primaria, e en 1º, 2º, 3º e 4º de ESO. A asignación de libros de texto farase, ao igual que nos tres anos anteriores, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar. En calquera caso, terá preferencia o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da súa renda familiar.

De darse o caso de non alcanzar os libros dispoñibles no fondo solidario para dar unha cobertura igual á que se presta en función da renda nos cursos cubertos pola convocatoria de axudas, o centro adquirirá os libros complementarios que sexa necesario. O obxectivo é garantir que o alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 5.400 euros e o que estea en situación de garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% (nestes dous últimos casos con independencia da renda) teña garantido o acceso a 6 libros, e que o que teña renda per cápita de entre 5.400,01 euros e 9.000 acceda a 4 manuais.

Cómpre lembrar que será requisito fundamental para acceder ao fondo solidario, ou recibir as axudas para libros ou material escolar, ter devolto os libros dos cursos anteriores.

### **Apoio educativo**

A nova convocatoria establece un procedemento máis sinxelo e áxil para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado nestes cursos e que, a xuízo do centro, non poida empregar libros de texto ou material dispoñible. De constatarse esta circunstancia, poderá expedirse un vale (segundo o curso e o nivel de renda) para adquirir os libros ou material didáctico complementario e específico que o centro determine en cada caso.

### **Axudas para material escolar**

O destinatario das axudas para material escolar é todo o alumnado matriculado en educación primaria e en ESO cunha renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros, e a contía da axuda será de 50 euros.

O alumando en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de educación especial ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

## SANIDADE TRAMITA A CONTRATACIÓN DE MEDICAMENTOS ONCOLÓXICOS CUN ORZAMENTO DE 12,4 MILLÓNS DE EUROS

- *Trátase dunha nova contratación que se inclúe no Plan de Compras Centralizadas 2018-2019, que aposta especificamente pola compra de medicamentos e produtos farmacéuticos*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación do expediente de contratación para a subministración sucesiva de nivolumab e pembrolizumab para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde.

O orzamento total de licitación é de 12.488.196,24 € (IVE engadido). A licitación configúrase en dous lotes que se corresponden con cada un dos citados medicamentos que forman parte da licitación.

Ambos os dous medicamentos dispoñen de indicacións en melanoma, cancro de pulmón, carcinoma urotelial e linfoma de Hodgkin; ademais, o nivolumab tamén dispón de indicación para cancro de células escamosas de cabeza e pescozo e carcinoma de células renais.

### **Aposta pola contratación de medicamentos no novo Plan de compras centralizadas**

A contratación para a subministración sucesiva de nivolumab e pembrolizumab trátase dunha nova contratación enmarcada no Plan de compras integradas 2018-2019 do Servizo Galego de Saúde. Ata o de agora estes medicamentos eran contratados a través de contratos menores por cada unha das áreas.

Precisamente, na presentación do novo plan de compras o conselleiro de Sanidade xa destacou o importante esforzo que se vai facer na contratación de medicamentos e produtos dietoterapéuticos (farmacia) co 47,3% do volume total a contratar. En concreto, serán 14 expedientes que contarán cun importe anual de 116,4 millóns de euros anuais.

En total, durante o período 2018-2019 están previstos 70 expedientes de contratación que se tramitarán tanto dende servizos centrais do Sergas como dende cada unha das áreas sanitarias, por un valor de 245.963.000 euros.

O 89% dos expedientes de contratación do novo plan de compras son, como neste caso, novos grupos de produtos e servizos que se incorporan por primeira vez ao sistema de compras integradas do Sergas.

Os obxectivos da contratación son conseguir aforros nas compras mediante o incremento da escala de compra e mellorar a relación calidade-prezo, contribuíndo así á

sustentabilidade económica do sistema sanitario. Así mesmo, permite establecer prezos únicos nos medicamentos que se van contratar, evitando variacións entre os distintos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde e garantindo a continuidade, control e seguimento das terapias establecidas en todo o Sergas.

## UN 45 POR CENTRO DOS RESIDUOS QUE CHEGARON A SOGAMA NO PASADO ANO TRANSPORTÁRONSE POR TREN

- *O Goberno galego fíxase o obxectivo de seguir a incrementar a dita porcentaxe e mover por ferrocarril 3,77 millóns de toneladas de lixo, o que permitirá aforrar 2.230 toneladas de emisións de CO<sub>2</sub> anuais*
- *Durante o ano 2017 Sogama foi capaz de tratar 580.000 toneladas, un 5,4% por riba da súa capacidade nominal de tratamento (550.000 t/ano)*
- *Outros fitos acadados no pasado ano foron o inicio das obras de ampliación do complexo ambiental de Cerceda e a construción da planta de compostaxe industrial*
- *O Consello da Xunta foi informado esta mañá do balance de actividade industrial das instalacións de Sogama, que recibiron un total de 796.043 toneladas en 2017*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá foi informado do balance de actividade industrial relativo ao ano 2017 do Complexo Ambiental de Cerceda, do que se conclúe que un 45% dos residuos que chegaron a Sogama foron transportados por tren.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio presentou esta mañá este informe, elaborado pola Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama), no que se recoñece que parte deste incremento se debe á incorporación da terminal de Lugo ao sistema loxístico. Desde o inicio do novo contrato de transporte combinado de residuos (bolsa amarela e bolsa negra) -en marzo de 2016- foise incrementando de forma exponencial a porcentaxe ata acadar un 45%, fronte ao 25% inicial.

O obxectivo do Goberno galego neste eido para o ano 2018 é chegar ao 55% e avanzar nesta porcentaxe ata conseguir que Sogama nos próximos 10 anos mova por ferrocarril 3.750.000 toneladas de lixo, o que suporá un aforro de 2.230 toneladas de emisións de CO<sub>2</sub> e preto de 800.000 litros de gasoil cada ano.

En relación cos datos industriais do pasado exercicio, cabería salientar un lixeiro incremento da cantidade de residuos urbanos recepcionados nas instalacións de Sogama (796.043 toneladas), o que se traduce nun 0,7% máis que en 2016.

O tratamento de residuos no complexo medio ambiental situouse nas 579.586 toneladas, co que se supera a capacidade de tratamento deste, fixada en 550.000 t/ano, é dicir, un 5,4% máis que no exercicio anterior; grazas á xestión técnica da planta que repercutiu neste maior rendemento da instalación.

Non obstante, o Goberno galego prevé mellor ditos as ditos ratios de tratamento dos residuos urbanos grazas á ampliación do complexo ambiental de Cerceda -cun custo de 275 millóns de euros, xunto cun período de 15 anos de explotación, que no momento



en que entre en funcionamento terá capacidade para tratar un millón de toneladas de residuos urbanos, incrementando nun 81% a súa capacidade. É dicir, Sogama estará en condicións de tratar a totalidade dos residuos urbanos producidos na Comunidade galega.

Esta mellora tamén permitirá aumentar a súa achega á reciclaxe en 120.000 toneladas anuais, multiplicando por catro as cifras actuais, e diminuír o depósito en vertedoiro ata chegar á vertedura técnica cero (aquelas que non se poidan reciclar nin valorizar, material ou enerxeticamente).

A operativa levarase a cabo en dúas fases, para as que se destina un investimento de 29 millóns de euros. A primeira, en proceso de execución, consiste na construción e posta en marcha dunha planta de clasificación para os envases contidos no lixo en masa (aceiro, aluminio, vidro, papel/cartón, plásticos); a segunda abordará a remodelación da actual nave de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible.

### **Venta enerxía**

No informe presentado esta mañá ao Consello da Xunta tamén se detallan os datos relativos á venda de enerxía, que no 2017 ascendeu a 512.013 MWh, un 4,9% superior á obtida no ano anterior. Trátase do segundo mellor resultado da historia de Sogama, só superado pola cifra rexistrada en 2015 (516.819 MWh).

A enerxía producida na PTE (planta termoeléctrica) e PCOG (planta de coxeración), situadas ambas as dúas no complexo ambiental, e planta de biogás, situada no vertedoiro de residuos non perigosos de Areosa, vendeuse directamente á rede eléctrica. En Sogama estase a producir o 12% da enerxía que se consume nos fogares galegos.

### **Planta de compostaxe industrial**

Outro dos fitos do pasado ano foi a construción da planta de compostaxe industrial no vertedoiro de residuos non perigosos de Areosa (Cerceda), que entrará en operación unha vez que os concellos limítrofes comecen a implantar a recollida selectiva da fracción orgánica. Para a construción desta instalación foi necesario un investimento de 2,4 millóns de euros e terá unha capacidade para 15.000 toneladas anuais, polo que se espera producir arredor de 3.000/4.000 toneladas de compost de alta calidade.

A aposta de Sogama pola compostaxe vese reflectida igualmente no seu programa de compostaxe doméstica, ao cal están adscritos 144 concellos, ademais de 80 centros educativos e 13 colectivos sociais, entre os cales se distribuíron máis de 8.000 composteiros. Tamén é destacable unha experiencia piloto de vermicompostaxe, onde o proceso de fermentación da materia orgánica corre a cargo de miñocas de terra e que xa se está ensaiando en seis entidades.

## **XUNTA E CEAGA ELABORARÁN UN ESTUDO PARA QUE AS EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN REDUZAN O CONSUMO ENERXÉTICO E SEXAN MÁIS SUSTENTABLES**

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), asinou un convenio de colaboración co Clúster de Empresas da Automoción de Galicia (Ceaga)*
- *O informe recollerá o contexto enerxético actual das compañías deste eido e as actuacións que están a levar a cabo a curto, medio e longo prazo para mellorar a súa eficiencia*
- *A iniciativa enmárcase nas políticas que o Goberno galego está a poñer en marcha para apoiar o uso das enerxías renovables en Galicia, en concreto, das que contan con maior potencial na Comunidade e que poden ser máis beneficiosas para o conxunto da sociedade*
- *A automoción, un dos grandes motores da economía galega, atópase á vangarda tecnolóxica na Comunidade, o que contribuíu a que o pasado ano a facturación medrase un 4,3% e se creasen 950 novos postos de traballo*

A Xunta elaborará coa colaboración do Clúster de Empresas da Automoción de Galicia (Ceaga) un estudo co obxectivo de reducir o consumo enerxético das compañías deste sector e facelas máis sustentables. O convenio –asinado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)– recolle a necesidade de avaliar a situación actual destas compañías e as actuacións que están a levar a cabo a curto, medio e longo prazo para mellorar a súa eficiencia enerxética.

O documento, do que se informou hoxe no Consello da Xunta, incluírá unha análise do consumo enerxético no sector da automoción de Galicia a través dunha recompilación de información desde o punto de vista cualitativo e cuantitativo sobre, por exemplo, o número de industrias, as súas necesidades térmicas, a potencia ou os combustibles que utilizan, ao tempo que se realizará unha avaliación dos equipos e experiencias que se desenvolven neste ámbito. O informe final recollerá, ademais das conclusións máis salientables, as actividades realizadas ao amparo deste convenio.

Entre os aspectos que se abordarán no estudo destacan a lexislación rexional, nacional e internacional no eido da enerxía; as boas prácticas noutras rexións e países; o uso actual das fontes de enerxía e unha proposta de melloras na súa utilización e consumo; a utilización de novas tecnoloxías no consumo enerxético e a identificación de proxectos demostrativos que se poden levar a cabo nas firmas de automoción nun futuro co apoio da Administración, que permitan analizar a viabilidade técnica e económica de novas tecnoloxías que contribúan a reducir os consumos enerxéticos.

A actuación enmárcase na política de apoio que está a desenvolver o Goberno galego para impulsar en Galicia a eficiencia enerxética e o uso das enerxías renovables, en concreto, daquelas que contan con maior potencial en Galicia e que poidan supoñer maiores beneficios para o conxunto da sociedade galega. Polo tanto, o obxectivo desta actuación é reducir o consumo enerxético na industria podendo dedicar os seus recursos económicos a outros fins e mellorar a calidade ambiental, o que repercute no benestar da cidadanía.

En definitiva, do que se trata con este estudo é de desenvolver unha economía máis competitiva, impulsando na Comunidade a transición intelixente cara a un modelo enerxético sustentable apostando na industria pola eficiencia enerxéticas e as renovables de carácter autóctono.

### **Industria estratéxica**

A automoción é un dos sectores máis importantes da economía galega, un dos grandes motores económicos que se atopa á vangarda tecnolóxica da Comunidade cunha facturación que creceu un 4,3% o ano pasado, ata sumar case 8700 millóns de euros. En 2017, xerou un total de 950 novos postos de traballo chegando aos 20.800 empregos directos.

Así mesmo, bateu o pasado ano o seu récord exportador (+21,6%), representando xa o 32% do total exportado por Galicia. Trátase dun ámbito que ten interese pola súa expansión e que conta cun coñecemento alto ou medio das tecnoloxías 4.0, tal e como quedou reflectido no estudo elaborado pola Xunta coa colaboración da Alianza Tecnolóxica Intersectorial de Galicia (Atiga) sobre as oportunidades na Industria 4.0.

O sector tamén está a apostar pola innovación a través de iniciativas como as unidades mixtas de investigación. Das 30 que contan co apoio da Xunta, a terceira parte están centradas na industria da automoción. Neste eido, a Administración autonómica tamén colabora no desenvolvemento da aceleradora *Business Factory Auto* e en 21 proxectos de innovación incluídos no programa Conecta Peme.

## **GALICIA CONSOLÍDASE COMO A COMUNIDADE AUTÓNOMA MÁIS SOLIDARIA DE ESPAÑA CON MÁIS DE 40.300 VOLUNTARIOS E PRETO DE 1.000 ENTIDADES DE ACCIÓN VOLUNTARIA**

- *O voluntariado galego creceu en 2017 un 35,5% fronte á tendencia en descenso do resto do país, segundo datos do Observatorio da Plataforma de Voluntariado de España*
- *O perfil do voluntario galego é xuvenil (o 76,6% ten menos de 20 anos) e feminino (un 58% de mulleres fronte a un 42% de homes)*

A Consellería de Política Social presentou no Consello da Xunta celebrado esta mañá un informe de seguimento da Estratexia de acción voluntaria 2016-2018 no que se volve constatar que Galicia se consolida como a comunidade autónoma máis solidaria de España. De feito, o ano 2017 pechábase cun incremento no número de voluntarios que participaron nalgún dos programas impulsados dende a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado dun 35% ata superar os 7700 voluntarios fronte aos 5683 anotados en 2016 e tamén do número de entidades, que pasaron de 159 en 2016 a 186 no 17. E en termos globais, Galicia remataba o ano con 40.375 persoas inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria (un 2% máis que o ano anterior) e con 951 entidades anotadas (un 3% máis que no 2016). Unhas cifras que contrastan co descenso a nivel estatal do número de voluntarios e que o Observatorio da Plataforma de Voluntariado de España cifra en torno aos 300.000.

Máis polo miúdo, o informe cifra en 7705 as persoas que decidiron participar ao longo do ano 2017 nalgún dos 17 programas de voluntariado que se impulsaron nos diferentes eidos: cultura, educación, defensa ecolóxica e protección do medio ambiente, xuventude, lecer e tempo libre, igualdade e loita contra a pobreza e a exclusión social. Deles, 4469 eran mulleres e 3236, homes. E se falamos de entidades de acción voluntaria, foron 186 as que se sumaron o ano pasado a algunha das propostas impulsadas neste campo, co obxectivo de mellorar as condicións da calidade de vida das persoas ou o seu benestar social.

O ano 2017 tamén trouxo novidades coa incorporación de dúas novas áreas de acción voluntaria: o medio rural e as persoas maiores, dende as que se promoveron 31 novos proxectos, complementado, no caso das persoas maiores, co Programa Acompaño, unha iniciativa da Consellería de Política Social dirixida a propiciar a participación de persoas voluntarias que queiran implicarse na intervención nun envellecemento activo e saudable así como a de afrontar o cambio demográfico mediante un enfoque positivo centrado no potencial do colectivo de persoas maiores.

No que respecta ao perfil do voluntario galego, segundo reflexa o informe de seguimento da Estratexia de acción voluntaria 2016-2018 é o dunha persoa menor de

20 anos, e preferentemente de sexo feminino, xa que o 58% dos voluntarios son mulleres fronte ao 42% que son homes. E no caso da idade, máis do 76% das persoas que participan en voluntariado na nosa comunidade teñen menos de 20 anos. De feito, segundo recolle o dito informe, a etapa escolar está a ser clave na creación de conciencia solidaria, xa que o tramo de idade que vai entre os 3 anos (educación infantil) e os 18 anos representa o 71,95% de todo o voluntariado (5.544 persoas). Tal e así que dúas das accións máis sobresaíntes en 2017 na promoción do voluntariado foi a edición do material pedagóxico “Os Bolechas aprenden a ser persoas voluntarias”, destinado a educación infantil e primaria, xunto coa introdución da materia de Voluntariado no currículo académico de varios centros de educación secundaria participantes no proxecto da Rede de centros escolares solidarios.

Finalmente, cómpre lembrar que o pasado mes de setembro o Goberno galego aprobada o decreto que regulará o futuro Observatorio Galego de Acción Voluntaria, unha ferramenta a piques de arrancar que suporá un importante avance en materia de investigación, asesoramento e planificación en materia de acción voluntaria. Coa súa posta en marcha pecharase o ciclo normativo exixido pola Lei de acción voluntaria e constituirase un espazo de reflexión, análise e intercambio de coñecementos que servirán para proxectar actuacións e ideas enriquecedoras no ámbito do voluntariado.



## **A XUNTA DE GALICIA AXUDA Á CRIANZA DE MÁIS DE 30.000 NENOS E NENAS A TRAVÉS DA TARXETA BENVIDA**

- *Esta axuda cubriu arredor do 80% dos nacementos que se produciron en Galicia*
- *A porcentaxe de concesión da tarxeta nos anos 2016 e 2017 foi superior ao 94%*
- *En 2018 ampliáronse os supostos que dan dereito á obter a axuda de xeito que se estenderá ata que o neno ou nena cumpra tres anos para aquelas familias con renda igual ou inferior a 22.000 euros no segundo ano de vida*
- *A Consellería de Política Social está a desenvolver unha actuación para a ampliación dos beneficios que comporta a posesión da tarxeta na que invita o empresariado galego a participar mediante a sinatura dun acordo de adhesión*

A Consellería de Política Social informou hoxe en Consello da Xunta que a Tarxeta Benvida chegou a 30.035 nenos e nenas galegas nos anos 2016 e 2017, unha axuda económica de 1200 euros que se aboa mediante unha tarxeta monedeiro durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla e coa que se busca contribuír a paliar os gastos da chegada dun novo membro ás familias galegas.

Tal e como amosan os datos da Consellería, no 2016 presentáronse 15.832 solicitudes, das cales 14.787 foron favorables. Esta cifra tradúcese na concesión de 15.112 axudas, dado que algunhas peticións se corresponden con partos ou adopcións múltiples. Con respecto ao ano 2017, o número de solicitudes ascendeu a 15.813, das cales 14.759 foron aprobadas. En total, e tendo en conta os partos e adopcións múltiples, outorgáronse 14.923 axudas. En ambos os anos a porcentaxe de concesión de axudas daquelas familias que a solicitaron supera o 93% e estímase que o 80% das familias galegas que deron a benvida a un bebé a percibiron.

A convocatoria de 2017 presentou diversas novidades xa que se ampliaron os supostos que dan dereito á axuda, recollendo como beneficiarias, ademais das familias que no ano 2017 tiveran un fillo/a ou adoptasen un neno/a menor dun ano, aquelas que estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno/a menor dun ano.

Tamén se ampliaron os lugares onde utilizar a tarxeta, sumándose os establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia, ás farmacias, parafarmacias, supermercados e tendas de alimentación da convocatoria anterior. Deste xeito deuse cobertura á compra dun maior número de produtos, tales como roupa, berces ou artigos de paseo.

No 2018 convócase por terceiro ano consecutivo esta orde de axudas, que amplía a Tarxeta ata que o neno ou nena cumpra tres anos para aquelas familias con renda igual ou inferior a 22.000 euros durante o segundo ano de vida e ata que o neno ou nena cumpra tres anos nas seguintes contías: 600 euros ao ano, a razón de 50 euros ao

mes, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o primeiro, 1200 euros ao ano (100 euros ao mes), se o fillo/a que dá dereito á axuda é o segundo; e 2400 euros ao ano en caso de que o fillo que dá dereito á axuda é o terceiro ou sucesivos.

Así mesmo, outra das novidades para este ano é a consideración das especiais circunstancias das persoas galegas que, residindo no exterior, decidan volver a Galicia durante o 2018, para que poidan optar á axuda. Deste xeito, se o seu fillo ou filla nace antes do retorno, gozarán dun prazo de dous meses desde o seu regreso para solicitar a axuda fronte ao prazo xeral de dous meses desde o nacemento ou ditado da resolución de adopción ou garda con fins adoptivos.

Cómpre destacar que no 2018 a Administración autonómica destina 35,9 millóns de euros para atender todas as solicitudes da Tarxeta Benvida que se reciban e que cumpran cos requisitos establecidos na orde.

### **Adhesión á Tarxeta Benvida**

Con carácter complementario á Tarxeta Benvida, a Xunta puxo en marcha unha convocatoria pública de adhesión para a ampliación dos seus beneficios. Poden adherirse a esta iniciativa as persoas físicas e xurídicas que teñan oficinas ou establecementos de libre acceso ao público en Galicia e lle oferten ás familias titulares da Tarxeta algunha vantaxe ao presentala nos seus establecementos.

Estas vantaxes poden ser de diversos tipos (descontos, obsequios, ofertas especiais,...) e son fixadas libremente por quen as ofrece. Varias empresas amosaron o seu interese por esta iniciativa e xa asinaron o acordo de adhesión Supermercados Eroski Center, Hipermercados Eroski e Supermercados Familia, Mi Mueble BB S.L.U, Tendas Neobel e Perfumerías Avenida, Grupo Cuevas, 2016 Mi Cielo S.L, Andrea Milano 1932 e Maberopetit S.L.

### **Programa de apoio á natalidade**

a convocatoria da Tarxeta Benvida en 2016 supuxo a posta en marcha por primeira vez dunha axuda deste tipo en Galicia, a cal forma parte do Programa de apoio á natalidade (PAN), un proxecto global que persegue dar resposta ás necesidades das nais e pais galegos, garantir o benestar das familias e apoialas de xeito integral e continuo desde o primeiro momento. O PAN establece tres grandes áreas de actuación: PAN- Axudas, PAN- Concilia e PAN- Servizos.

A través do PAN- Axudas, no que se enmarca a Tarxeta Benvida, a Xunta de Galicia quere contribuír a paliar o custo que comporta a crianza dos fillos e fillas. O PAN- Axudas tamén contén outras medidas compatibles coa Tarxeta Benvida, como o incremento da dedución fiscal por nacemento ou adopción de fillos e fillas para contribuíntes cuxas rendas sexan iguais ou inferiores a 22.000 euros; a prestación de

pagamento único por fillos e fillas menores de 3 anos para as persoas que non teñan a obrigaón de presentar a declaración da renda; e a exención de pagamento nas escolas infantís para o segundo fillo ou filla que acuda ao mesmo centro daquelas familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7500 euros anuais e aos menores en situación de acollemento familiar desde o curso 2014/15.

## **A XUNTA INVISTE 60.000 EUROS NA REPARACIÓN DO NOIRO DERRUBADO POLO TEMPORAL EN CEDEIRA**

- ***A Consellería do Mar deu conta ao Consello da Xunta da declaración de obra de emerxencia dos traballos, xa en execución***

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, destina 60.000 euros ás obras de reparación dos danos ocasionados no peirao coruñés de Cedeira polo temporal Hugo, que afectou a costa galega a finais do mes de marzo. A Consellería do Mar deu conta esta mañá ao Consello da Xunta da declaración de obra de emerxencia dos traballos, que veñen de ser iniciados esta mesma semana, dada a importancia de repoñer a operatividade e seguridade no porto de xeito urxente.

O temporal Hugo provocou en Cedeira o derrubamento do noiro e a caída das árbores que limitan coa vía de acceso ao porto, afectado a parte deste e á rede de subministración de servizos básicos de auga e luz no porto. Ante esta situación e dada a urxencia para devolver a normalidade ás instalacións portuarias, a Consellería do Mar declarou a reparación como obra de emerxencia.

Para esta reparación encargouse un informe sobre a estabilidade da parede de terra a unha empresa especializada e, en virtude deste, definiranse concretamente as solucións técnicas que se deben executar. As actuacións previstas, a falta de concretar dende o punto de vista técnico, pasan por repoñer o noiro de terra e afianzar o terreo; retirar as árbores con risco de desprendemento, e repoñer o sistema de subministración de luz e auga, afectado polo desprendemento do noiro.

Cómpre lembrar que os técnicos de Portos de Galicia están a traballar nas medidas de emerxencia dende o primeiro momento en que se produciu o derrubamento nas tarefas de sinalización e retirada de entullos. Así mesmo, estudarase a posibilidade de retirar todas as árbores, algunhas de ata 30 metros de altura, que se atopan enraizadas no noiro.